

MUSEO LISTE – ETNOGRÁFICO DE VIGO ACTIVIDADES XULLO 2019

O Museo Liste programa actividades especiais dirixidas a grupos de nenos e nenas que, a través de campamentos urbanos, ludotecas, academias ou grupos particulares previamente establecidos, desexen visitar o Museo: **“Onde están as chaves?”**; **“Un cadáver no armario”**; **“Xogando coa cestería”**; e **“Instrumentos humildes”**.

Ademais, este verán ofrecemos un obradoiro, **“A maxia da fotografía”**, con inscrición aberta ata completar prazas (máximo 10 participantes).

Tamén contaremos coa proposta **“Xogando en familia”**, percorrido lúdico e autónomo polas salas do Museo como instrumento para potenciar a visita familiar.

Para calquera dúbida, o noso teléfono de contacto: 986244698.



ONDE ESTÁN AS CHAVES?

Contido: conxugamos coñecemento e diversión para descubrir os aspectos e pezas máis destacables do Museo.

Obxectivos e metodoloxía: a actividade porá en xogo capacidades dedutivas, memoria e habilidades a través de probas encadeadas co fin de acadar o obxectivo final.

Soporte didáctico: materiais didácticos e monitor - guía.

Duración: 90 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste.

Dirixido a: grupos de nenos e nenas de 6 a 12 anos previa solicitude.

Prezo: 1 euro por participante.



UN CADÁVER NO ARMARIO

Contido: a modo de “*escape room*” e partindo dun relato, resolveremos o misterio do asasinato de *Bieito Pichel*.

Obxectivos e metodoloxía: diversas probas levarannos ao “*cadáver*” que, segundo as últimas noticias, atópase no museo.

Soporte didáctico: materiais didácticos e monitor - guía.

Duración: 90 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste.

Dirixido a: grupos a partir de 13 anos.

Prezo: 1 euro por participante.



A MAXIA DA FOTOGRAFÍA

Contido: viaxe ao mundo máxico da fotografía, entendendo que se ben os avances tecnolóxicos son importantes, a arte non precisou deles para manifestarse. Os pioneiros da fotografía usaron aparellos rudimentarios para inmortalizar momentos únicos.

Obxectivos e metodoloxía: o obradoiro constará de tres bloques:

- Teórico: a fotografía, orixes, evolución, a fotografía estenopeica.
- Expositivo: cámaras de distintas épocas e materiais fotográficos.
- Práctico: fabricación de cámara estenopeica, toma de fotografías e revelado.

Soporte didáctico: materiais didácticos e expositivos e monitor-guía.

Docente: Rosi Pardal Aragunde (fotógrafa).

Datas: 1º obradoiro (martes, 23 de xullo); 2º obradoiro (martes, 30 de xullo).


Horario: de 10:00 a 13:30 h. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste e finca circundante.

Dirixido a: rapaces e rapazas de 12 a 16 anos previa solicitude.

Prezo: 7 euros por participante

Inscripción: no 986244698. Aberta ata completar prazas (máx. 10 participantes) .



XOGANDO COA CESTERÍA

Contido: achegamento a arte da cestería, totalmente descoñecida para os máis pequenos e pequenas a través de pezas de cestería que xeran sorpresa e infunden maxia ; instrumentos-xoguetes individuais; e xogos participativos e colaborativos onde se fomenta o deporte e as habilidades psicomotrices.

Obxectivos e metodoloxía: pretende dar a coñecer esta arte dunha maneira dinámica, amena e lúdica empregando o xogo.

Soporte didáctico: materiais didácticos, expositivos e monitor-guía.

Monitor: Rubén Berto Covelo.

Duración: 90 minutos.

Lugar: Museo Liste (finca circundante).

Dirixido a: grupos de 3 a 12 anos previa solicitude.

Prezo: 1 euro por participante.



INSTRUMENTOS HUMILDES

Contido: Obradoiro teórico - práctico que aborda: clasificación e breve historia dos instrumentos; variedade nos modos de tocar.; variedade nos ritmos; momentos de uso; mostras do cancionero popular; achegamento aos instrumentos doutras culturas.

Obxectivos e metodoloxía: o discurso do monitor leva a agrupar os instrumentos en: obxectos construídos co fin de tocar; obxectos de uso cotiá utilizados como instrumentos; e xoguetes sonoros ou que imitaban instrumentos. O obxectivo é coñecer como a música estaba sempre presente a pesar da falta de instrumentos musicais.

Soporte didáctico: instrumentos e monitor guía.

Duración: 60 minutos.

Monitor: Erica Iglesias Neira.

Lugar: Salas do Museo ou xardín circundante.

Dirixido a: grupos de todas as idades previa solicitude (máximo 50).

Prezo: 40 euros por grupo.



XOGANDO EN FAMILIA

Contido: percorrido autónomo para familias a través dunha serie de propostas que probarán as súas capacidades dedutivas e sabedoría.

Obxectivos e metodoloxía: guiadas polos caderniños dispoñibles en recepción realizarán unha visita diferente.

Soposte didáctico: caderniños e outros materiais didácticos.

Duración: 60 m. (duración aproximada).

Lugar: Museo Liste (exposición permanente e temporal)

Datas: sábados do mes de xullo.

Dirixido a: familias sen necesidade de solicitar cita previa.

Prezo: tarifa de entrada ao museo.



**CONCELLO
DE VIGO**



INFORMACIÓN XERAL

HORARIO MUSEO LISTE VIGO

DE MARTES A SÁBADO : de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

PREZOS DE ENTRADA AO MUSEO LISTE

Xeral: 2 €

Reducido: 1 €. menores de 12 anos 3ª idade, parados, estudantes e integrantes de grupos de máis de 10 persoas.

Gratuito: menores de 6 anos; Centros de Ensino (do Concello de Vigo) e Asociacións da 3ª Idade (do Concello de Vigo); exposicións temporais e actividades que así o indiquen.

CONTACTO

Tfno. 986-244698

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

recepcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

www.museoliste.org